

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 21 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Visto o acordo 15/306 CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.b, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS adoptado pola Xunta de Goberno Local o 15 de xullo de 2020.

Visto que dito acordo foi publicado no BOP de Lugo nº 181 do 8 de agosto de 2020.

Tratándose de bolsas de traballo de carácter aberto xa que as solicitudes de nova incorporación ou revisión de puntuacións, se poderán presentar de forma permanente e en calquera data.

Tendo en conta os protocolos adoptados polas distintas Administracións Públicas como consecuencia da pandemia ocasionada polo Covid-19 e a obrigatoriedade de petición de citas para a presentación de solicitudes de forma presencial nos rexistros públicos e a imposibilidade de atender aos interesados en prazo, propónse para a súa adopción pola Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019 o seguinte acordo:

Primeiro.- Ampliar o prazo de presentación de instancias durante os dez días hábiles seguintes ao remate do prazo inicial, establecéndose como data límite o día 4 de setembro de 2020.

Segundo.- Publicar o anuncio no BOP da Provincia de Lugo e data a máxima difusión nos medios de comunicación.”

O Alcalde en funcións,

(O Segundo Tenente de Alcaldesa, Decreto número 19005684, do 1 de xullo de 2019, modificado polo 19005695 do 3 de xullo de 2019)

Asdo.: Álvaro Santos Ramos

Asdo. Electrónicamente (data da asinatura electrónica)